

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº13 / Ano: 2020 / 1º xornal Mes de setembro / Estado de pouco sentidiño

Nota de Redacción: Aínda que este pequeno xornal sae cando lle peta, dicir que, agás que xurdan noticias de interese, a partires de setembro sairá mensualmente. Moitas grazas pola súa lectura e polos moitos parabéns que me enviades.

A comparsa **VOU NUN BOU** déixanos unha nova cantiga relacionada coa Illa que cantaron no Entroido do 2009 e que fala dos seus compoñentes e das “dificultades” que estes tiñan para xuntarse na Illa de Ons no mes de maio para celebrar a súa boa harmonía. **Páx. 1**



ONS NA MEMORIA

Traemos neste número o carro de vacas de Chin, elemento imprescindible na economía agrícola illán e que xunto coa dorna eran as pezas características da etnografía illán que, por desgracia non souberon protexer e dar a coñecer no Centro de Visitantes deixando que se perderan. Na foto o mesmo carro no ano 2018.

Páx 1

BARCOS VARADOS NOS PENEDOS

Comezou este “costume” na Illa de Ons co barco “Soy de Ons” de Manuel Otero, despois o “Elmo”, para logo tamén seguir nas rías de Pontevedra e Arousa. **Páx. 2**



HOMENAXE A MARI

O pasado domingo día 23, celebrouse na Illa de Ons unha merecida homenaxe a Mari, a matriarca da familia do chiringo. Tivo lugar no espazo que ocupaba o chiringo e que a Administración, sen xustificación algunha, mandou retirar. **Páx. 3**

ACTIVIDADES E OBRAS DO PARQUE NACIONAL EN ONS

É de xustiza tamén dicir que este verán o Parque puxo bastante empeño nas actividades no Centro de Visitantes e realizou un par de obras necesarias a pesar das problemáticas do Covid-19. **Páx. 5**



CONTOS DE TABERNA

Desta vai o conto do “Churrasco de Can” onde Pepe da Illa da solución ao enigma xurdido na mesa da partida. **Páx. 4**

ONS ARQUEOLÓXICA

Desta entrega van as cuestións que aínda quedan por dilucidar do *Castelo da Rueda*. Coa necesidade de indagar máis na súa historia e na de dous personaxes enigmáticos: o cura de Sanxenxo e o que dominaron “Xefe de Obras” **Páx. 4**

2009 -VOU NUN BOU Á ILLA Popular

Cando se acaba o Entroido
temos unha frase feita
"pra maio vamos á Illa"
A despedida do *Indio*
saíra de marabilla.
Pero cando chega o día
todo o mundo pon problemas.
Non damos cruzado a ría.
A un non lle deixa a muller,
outro que ten cagarria.

Un seica tiña concerto,
algún que iba de viaxe,
a outro lle baixara a regra
e dous que andaban con gases.

Anque vos pareza raro,
un tiña esguince de glande,
outro que non podía vir...
por ser un calzones grandes.

*E pasa un ano, e pasa outro.
Xa se falaba que tamén viñan Os Mulos.
Ó final esa papada "se fue a tomar por el culo".
E pasa un ano, e pasa outro.
Xa se falaba que viñan Os Xarangallo.
Ó final esa papada tamén foi para o carallo.*

Pa adiantar algo de choio
nesa bendita comida
que había na Illa de Ons,
mandamos de avanzadilla
a Berto co acordeón.
O pirata Manolito
pa arrancharnos a viaxe
de tan ben que nos conoce,
nós ibamos no das dez,
Luís Davila no das doce.

Un dos que suele decir
"carnaval é o ano enteiro"
dixo que, *"para a comparsa
avisarme por febreiro"*

Un que tiña que limpar
moito polvo na vitrina.
Outro quedou enjanchado...
co carallo na pitrina.

Retrouxo

O de chamar pola xente
e tamén poñer o móbil
tocouille a Rafa Budiño.
Un que comía cos sogros,
outro que tiña os miniños.
Un tiña dolor de espalda ,
outro cosas que facer,
ata un que non tiña ganas.
Un que na tripa cajeira
lle saíran almorranas.

Un ou dous non contestaron.
Un tiña tacto rectal.
Un que estaba no xulgado.
Outro tiña *sexo oral*.

Un rotura de frenillo.
Outro que fora ós tramallos.
Para algún botar un polvo...
¡tamén ha de ser traballo!

Retrouxo

COMPARSA "VOU NUN BOU"

Outra das magníficas letras da comparsa bueuense que sacaron no Entroido de 2009.

Parece ser que o de reunirse na Illa no mes de maio era <Misión Imposible>. Vaia cuadrilla!!! Todo eran problemas e, os dalgún, moi serios.

Menos mal que esa reunión, supoño que gastronómica, musical e pesqueira (o de pesqueira vai polas *"merluzas"* que ás veces soen pescar nas turbulentas augas piratas de Ons) trasladouse para xullo, mes que dá máis marxe ao estar preto das vacacións e os ánimos máis a flor de pel.
Unha enorme aperta para eles, téñeno merecido!!!



ONS NA MEMORIA

Hoxe traemos a este apartado a foto do carro de bois de Chin no barrio de Canexol, feita no ano 1975, cando a Illa aínda contaba cun bo número de veciños, máis do 70%, e non había tractores para axudar nos labores agrícolas e ao transporte de mercadorías.

Chin, entre outras terras, cultivaba as que, ata este ano 2020, ocupaba o chiringuito e foi un dos últimos en traballar os seus campos con arado tirado por vacas.

Unha pena que o Parque non falara cos veciños que aínda tiñan o seu carro gardado nos alboios para, algún deles, poñelo en valor no Centro de Visitantes. Ter en conta que a agricultura foi a base económica dos veciños cando chegaron no último poboamento a Ons e, aínda que o cambio cara á pesca foi inminente, a agricultura seguiu sendo un punto importante para as súas finanzas (ata 1934 moitos veciños pagaban a renda en produtos agrícolas), para intercambios e autoconsumo.



ESES BARCOS VARADOS NAS ROCHAS

O <Soy de Ons> ou <O Pirata>

Vaia manía a de querer varar os barcos nas pedras para ver quen logra manter mellor o equilibrio ou sacar a mellor foto.

Esta manía comezou na Illa de Ons co barco “*Soy de Ons*”, aínda que algún din que fora o “Pirata”, do Garulo. Este, parece ser, que rompeu amarras e foi dar á Laxe do Crego, mesmo fronte á praia de Area dos Cans. A sorte ou o propio abade da Laxe, fixeron que o barco non escorara, quedando perfectamente varado e só houbo que amarralo esperando a subida da marea.



Foto esquerda: O “*Soy de Ons*” varado na Laxe do Crego.

Foto dereita: O abade, que se atopaba no intre do varamento coas súas oracións ao carón da Laxe do Crego, quizais foi o que conseguiu amarrar o barco para que este non sufrirá dano ningún.



O <Elmo> varado en Ons nos “Cons Pequenos”, fronte á praia de Canexol. Era un día de mareas vivas e o patrón non se decatou, ou coidou que a rocha estaba máis a estribor, e quedou varado nela. Despois de varios intentos realizados por diferentes barcos, foi o gran patrón Cesáreo que co seu barco <Comatí> logrou sacalo do sitio antes de que baixara a marea e os danos foran a máis.

Pero nos últimos anos varios barcos, querendo imitar aos de Ons, fixeron o mesmo na ría de Pontevedra e na de Arousa, así son os casos do <Mar Abierto> que varado nas rochas Ameixeiras para uns, Figueiras para outros, no ano 2015 e o <Nuria I> que recentemente, en agosto de 2020, quedou varado, dun xeito espectacular, na ría de Arousa fronte á Illa da Toxa na rocha denominada A Cabreira. Aquí as súas fotos.



HOMENAXE A "MARI"

A MATRIARCA DA FAMILIA DO CHIRINGO DE AREA DOS CANS



Homenaxe a unha nai, María, que loitou por ter un chiringo en Ons, lugar onde naceu, e sacar, xunto ao seu home Mino, á familia adiante.

Alí naceron as súas dúas fermosas e traballadoras fillas, María e Eva, pero unha dura enfermidade apartouna da súa familia e da súa Illa.

As súas fillas seguiron o seu legado ata que, unha administración sen corazón decide quitarlles aquilo polo que loitaron os seus pais, onde creceron e onde elas tiñan o seu traballo.

Nesa Illa, naceu a súa neta. Non tivo a oportunidade de coñecela e gozar dela e, esa insensible administración, vai negarlle a esa nena crecer e divertirse, como fixeron a súa nai e tía, nese chiringo que formaba parte da natureza da Illa de Ons.



CONTOS DE TABERNA

“O CHURRASCO DE CAN”

A mesa da partida estaba a pleno funcionamento. Os xogadores concentrados e os miróns, axecendo as fichas de todos, dando as súas “sabias” opinións.

A partida remata, non sen antes uns cantos berros pola mala xogada dun ou doutro dos perdedores, e prepárase a mesa para recibir a fritada de rinha que unhas horas antes pescara un dos mariñeiros-xogadores ao curricán.

Mentres esperaban, un deles fixa a súa mirada na tele, que sempre esta acendida. Botaban un programa sobre un país asiático onde a carne de can entraba no seu menú.

Sorprendido, chama a atención dos da mesa para que miren. Todos observan atentos para o rectángulo emisor e xorden os comentarios. Un mundo de observacións e manifestacións que, paseniñamente, van derivando e acaban falando dun coñecido restaurante das aforas de Pontevedra onde, xa hai anos, correu o “bulo” de que poñían churrasco de can, motivo polo cal, perdeu clientela e tivo que pechar.

Pepe da Illa, durante toda a conversa, estivo calado pero atento e, cando xa o debate se acaloraba sobre ese local pontevedrés, dixo:

- Algo de certo debeu haber. E non sabedes como o descubriron?

Todos os da mesa miraron para el como esperando unha revelación. Pepe da Illa agardou un anaco e, co seu sorriso, sentenciou:

- Pois porque ao saír do local, os clientes en vez de falar, **LADRABAN!!!** Carallo!!!



ONS ARQUEOLÓXICA

“O CASTELO DA RUEDA”

Outro punto histórico-arqueolóxico importante é o coñecido como “O Castelo da Rueda” situado ao pé do cantil leste, a 100 metros do peirao cara ao norte.

Son os restos dunha Batería que no ano 1810 a Xunta Provincial de Armamento da provincia de Santiago decidiu montar en Ons para defender a costa da entrada de embarcacións inglesas e francesas.

Ata hai nada, pouco se sabía sobre esta construción chegando a haber moitas teorías sobre ela. Vai ser no ano 2010, con motivo do 200 aniversario da revolución francesa en Galicia, cando, entre outros documentos, aparece o mapa do enxeñeiro Cossio sobre as ideas que tiñan sobre estas construcións defensivas. (Teño que dicir que eu xa tiña ese mapa na miña biblioteca dende o ano 1989). A partir de aquí e, sobre todo, dende que a Asociación PineirÓns solicitou a Parques unha investigación e propuxo a un investigador para facelo, cando comezaron a pescudar sobre o tema e hoxe podemos dicir que este xacemento está bastante documentado ou, mellor dito, apareceu moita documentación sobre el, pero falta poñela en orde, estudala ben e comentalala cientificamente por persoas cualificadas.

O interesante desta construción é que orixinou o último poboamento da Illa que dura ata os nosos días, provocou o xurdir da problemática da propiedade, e, en especial, tres puntos que considero interesantes e con necesidade de profunda investigación:

1º.- O tema da propiedade e o xurdir das Accións de Primeira Clase que se fixeron para poder sufragar as obras e onde pode haber a posibilidade de que antepasados dos actuais veciños mercaran e tiveran, aínda hoxe, posibilidade de pedir a propiedade dos terreos que mercaron daquela.

2º.- A investigación sobre a manipulación que puido haber sobre a propiedade da Illa por parte do Marqués de Valladares antes e despois da desamortización.

3º.- O estudo de dous personaxes de certo interese nesa época para a historia de Ons, como son, o crego Salvador López Gil e o afrancesado e capitalista inversor, Francisco Genaro Ángel, que se fixo cunha grande cantidade desas Accións.

Aquí quedan esas cuestións que os investigadores deben pescudar xa que son unha parte importantísima da historia contemporánea desta Illa e con moita repercusión na época actual de Ons.



BAIXADA Á PRAIA DE CANEXOL

A asociación PineirÓns leva anos pedindo que a duna de Canexol, tan maltratada noutros tempos e con vexetación en perigo de extinción, deixara de ser zona de subida e baixada á praia. Nas súas suxestións informaban que a poucos metros cara ao sur había outro lugar idóneo para acceder á praia e que só había que arranxalo. Por fin este ano levamos a sorpresa de ver como a principios de xullo iniciaban as obras nese pequeno carreiro para anchealo e preparalo para acceder á praia. Aínda que as obras van a un ritmo lento, esperamos que este ano quede arrombado e que, agás para algunha cousa puntual, a baixada das dunas quede inutilizado para este fin.



Esquerda: Como estaba a principios de xullo.
Arriba: Como está a 23 de agosto

LIMPEZA EN CANEXOL

Este ano levaron a cabo a limpeza da zona que vai entre a capela e o camiño de subida ao Castro dos Mouros. Supoñemos que, como todos os traballos que se levan a cabo na Illa, foi antes tratado cos veciños da zona co fin de que os labores a realizar redunden en beneficio de todos sen prexudicar a ninguén.



CAMIÑO DE SUBIDA A CURRO DE ARRIBA

Como xa informabamos en número anterior, fixeron unha adecuada reparación do camiño que vai dende o restaurante Pirata á caseta de P. Auxilios no mes de xullo. Neste mes de agosto continuaron coa reparación cara arriba. Estas reformas, aínda que lentas, evitarán que as riadas do inverno non afecten ao camiño. Agora só cabe esperar que durante o inverno, ou mellor, antes de que esta estación comece, tamén rehabiliten o mesmo camiño na súa parte superior, entre os chanzos e o camiño do Faro.



ACTIVIDADES NO CENTRO DE VISITANTES

Este verán puidemos comprobar como houbo unha programación axeitada ás circunstancias (covid-19) e realizáronse un bo número de actividades nas inmediacións do Centro de Visitantes e en horarios adecuados.

Todas elas foron seguidas con moito interese por parte dos participantes, tendo en conta que, debido ás normas a seguir pola problemática sanitaria, estas tiñan que ser cun número reducido de participantes. Entre elas destacar:

Enfróntate aos lixos mariños. O tempo non importa. Biodiversidade nas illas atlánticas. Unha illa de polbo e congro. SOS, océanos en perigo. Xogando a descontaminar. Bocados de saber. Unha illa de paisaxes. ... E varias dentro do Proxecto Starlighth. Á vez, paralelamente, varias excursións guiadas. Todas elas ben levadas polos Guías do Parque Nacional así como polos contratados, guías acreditados, durante o verán.

